Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 15 de setembro de 2025, A Alcaldesa, D.ª Rocío López García.

R. 2619

## LUGO

*Anuncio*

## DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 13 de agosto de 2025, adoptou entre outros o acordo 5/329, polo que se acorda delegar nos tenentes/as de alcalde delegados/as de área e concelleiros/as delegados/as as atribucións correspondentes á aprobación dos convenios reguladores das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos do ano 2025. Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 19 de setembro de 2025.- A Tenente de Alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, a Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> Ana González Abelleira, en substitución do titular da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deportes e Xuventude, o Ilmo. Sr. D. Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 2620

## MONTERROSO

*Anuncio*

Por decreto de Alcaldía de data 19/09/2025 aprobouse a ampliación da bolsa de emprego como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso, ditas bases foron aprobadas por decreto de 15 de xullo de 2024.

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco días (05) hábiles contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 19 de setembro de 2025.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2621

*Anuncio*

Por decreto de Alcaldía de data 19/09/2025 aprobouse a ampliación da bolsa de emprego como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso, ditas bases foron aprobadas por decreto de 14 de xuño de 2024.

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco días (5) hábiles contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 19 de setembro de 2025.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2622

## OUTEIRO DE REI

*Anuncio*

Por resolución de Alcaldía de data 18 de setembro de 2025, aprobáronse os Padróns do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza Urbana, Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza Rústica e Imposto sobre Actividades Económicas deste Concello, correspondentes ao ano 2025, dispónse o sometemento a exposición pública,

polo prazo de 15 días hábiles dende o seguinte á publicación deste anuncio. De non presentarse alegacións no período de exposición pública, entenderanse aprobados definitivamente os indicados Padróns.

De conformidade co disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recaudación, faise público o período voluntario de cobranza.

1. Importe do Padrón de Bens inmobles de natureza Urbana: 1.234.708,29 euros
2. Importe do Padrón de Bens inmobles de natureza Rústica: 44.818,40 euros
3. Importe do Padrón de Actividades Económicas: 167.363,76 euros
4. O período de recadación en voluntaria realizarase entre o 1 de outubro e o 1 de decembro de 2025.

O pago poderá efectuarse na entidade colaboradora Abanca.

Os recibos domiciliados serán cargados directamente nas contas sinaladas polos contribuíntes.

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio, e devengaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Réxime de recursos: Conforme ao disposto no artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer Recurso de Reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do Padrón. Devandito recurso entenderase desestimado se non recaese resolución expresa no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa presentación. Contra a resolución do Recurso de Reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado competente do Contencioso-Administrativo nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non poderá compaxinarse a interposición de ambos recursos.

Outeiro de Rei, 18 de setembro de 2025.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2623

## O SAVIÑAO

### *Anuncio*

#### **NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Por Resolución de Alcaldía num. 2025/0297, de data 18 de setembro de 2025, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondentes ao mes de xullo de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias de Servizos Sociais do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, art. 22 da ordenanza reguladora municipal do SAF e art. 5 da ordenanza do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 18 setembro 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2625

**SOBER***Anuncio***BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO CONCELLO DE SOBER DURANTE O ANO 2025.**

O 17 de Setembro de 2025 a Alcaldía do Concello de Sober ditou a resolución sobre aprobación das bases e convocatoria de axudas para actividades culturais no Concello de Sober para o ano 2025 que ten o seguinte contido:

**PRIMEIRO.** Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrència competitiva en materia de cultura co texto que figura no Anexo da presente proposta de Resolución.

**SEGUNDO.** Aprobar o gasto a que ascende o importe da subvención segundo se describe a seguir:

| Tipo de subvención    | Importe | Aplicación orzamentaria |
|-----------------------|---------|-------------------------|
| Actividades culturais | 2.000 € | 338.489                 |

**TERCEIRO.** Rexistrar a información para incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria e do seu extracto.

**ANEXO****CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE SOBER A ASOCIACÍONS CULTURAIS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA FOMENTAR ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2025.****1.- DISPOSICIÓNS XERAIS.**

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de Sober para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan aos atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares do municipio.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento das subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións. A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrència competitiva, tal e como se define na base n.º 35 de execución do orzamento en vigor.

**2.- OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCÍONS.**

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as actividades seguintes: homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, excursións culturais, eventos musicais, eventos deportivos, encontros, conferencias, estudos.... que pretendan a conservación, promoción e divulgación dos valores culturais.

O gasto derivado das subvencións outorgadas imputarase á aplicación orzamentaria 334.489 do orzamento xeral vixente e quedará limitado polo crédito existente na mesma por importe de 2.000,00 euros para actividades culturais

Serán actividades subvencionables, ao abeiro das presentes bases, aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro.

Non serán subvencionables investimentos reais, sendo o obxecto das subvencións reguladas nestas bases a colaboración nos gastos de organización e desenvolvemento de actividades concretas.

Así, tampouco teñen a consideración de subvencionables os gastos de mantemento ordinario (teléfono, auga, luz, gas, etc.) nin os gastos en alimentación, bebidas ou tabaco.

Así mesmo, tampouco poden ser obxecto de subvención aquelas actividades xa suxeitas a un convenio de colaboración có Concello, nin as que recibisen outro tipo de achega municipal.

Tampouco serán gastos subvencionables as cantidades satisfeitas ao Concello de Sober polo uso das súas instalacións culturais.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrència con outras subvencións ou axudas de outros organismos públicos ou privados, superen o custo da actividade subvencionada.

**3.- BENEFICIARIOS.**

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases as persoas ou entidades, públicas ou privadas xuridicamente constituídas, así coma as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados coma subvencionables, e que cumpran as seguintes condicións:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Sober.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Sober.
- Non estar incursas en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da LXS.

Ademais, salvo no caso das agrupacións sen personalidade xurídica, será requisito para a concesión da subvención, estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Sober.

#### **4.-PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE.**

4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o **15 de outubro**.

4.2. LUGAR: Departamento de Cultura do Concello de Sober en horario de 9:00 a 14:00 de luns a venres ou a través da sede electrónica do Concello de Sober (**concellodesober.sedelectronica.gal**).

4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:

1) Solicitud, segundo modelo normalizado dispoñible na sede electrónica do concello, asinada dixitalmente polo presidente da Entidade ou por quen teña conferida a delegación. En dita solicitude será preciso incluír o programa detallado da actividade ou servizo para o que se solicita a subvención, así coma o orzamento desglosado da actividade a realizar ou xa realizada. A solicitude de subvención non poderá superar o 80% do orzamento de gastos previsto ou realizado.

2) No caso de agrupacións sen personalidade xurídica (como as comisións de festas), a solicitude de subvención deberá ser presentada telemáticamente e asinada dixitalmente por unha persoa física nomeada polos membros da mesma. Para a comprobación deste extremo esixirase acompañar a solicitude de copia compulsada da acta constitutiva da agrupación, subscrita por todos os seus integrantes, onde se autorice á persoa que insta a axuda a cumprimentar os seus trámites, a percibir as cantidades concedidas coma subvención e a xustificar a mesma. Ademais, deberán constar os compromisos de execución asumidos por cada un dos membros, e copia dos DNI de cada un deles.

3) Declaración de se lles foi concedida algunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera Administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.

4) CIF da entidade (excepto para o caso de agrupacións sen personalidade xurídica).

5) Declaración responsable de non estar a Asociación incursa en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da LXS.

6) Declaración responsable de que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Administración Estatal, Autonómica e Local e coa Seguridade Social, en cumprimento do disposto no artigo 24 do RD 887/2006 de 21 de xullo, ou autorización para a súa obtención por parte do concello, de ser o caso.

No suposto de que a unidade xestora detecte calquera deficiencia na documentación presentada realizarase requirimento de enmenda ao solicitante dispoñendo este de 5 días naturais para aceptar a notificación e 10 días laborais desde a dita aceptación para a corrección das deficiencias obxecto de requirimento.

#### **5.- PUBLICIDADE**

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

#### **6.- PROCEDEMENTO**

O órgano competente para a concesión das axudas será a Alcaldía, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas publicaranse no prazo máximo de un mes, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

A achega máxima que poderá percibir cada beneficiario por conta desta convocatoria é de 300 €.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

#### **7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais.

O **prazo máximo de xustificación será ate o 15 de novembro**.

**8. - INCUMPRIMENTO E REINTEGRO DAS ACHEGAS:**

De conformidade co disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da achega ate a data que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o houberan impedido.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamente a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obrigaón de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos do artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia e no caso das normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obrigaón de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
- e) Resistencia, excusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas en los artículos 11 y 12 da Lei 9/2007.
- f) Incumprimento das obrigaóns impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, realízase a actividade, execútase o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención
- g) Incumprimento das obrigaóns impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios.
- h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da UE, dunha decisión da que se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos contemplados na normativa reguladora da subvención.

**9. - DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.**

Para todas as cuestións non previstas nas presentes bases será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento.

**10.- DISPOSICIÓN FINAL.**

As presentes axudas concederanse ate o límite do crédito orzamentaria previsto para este finalidade na aplicación 338.489

No caso de que a contía das achegas solicitadas supere o importe do antedito crédito orzamentario, ordenaranse as solicitudes presentadas por estrito orde de presentación da solicitude.

**ANEXO I – MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN CONCELLO DE SOBER**

|                                                         |  |               |  |
|---------------------------------------------------------|--|---------------|--|
| <b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>                    |  |               |  |
| NOME                                                    |  |               |  |
| CIF                                                     |  | TELÉFONO      |  |
| DIRECCIÓN                                               |  |               |  |
| LOCALIDADE                                              |  | CÓDIGO POSTAL |  |
| Nº DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ENTIDADES    |  |               |  |
| Nº DE PERSONAS ASOCIADAS A ENTIDADE                     |  |               |  |
| CORREO ELECTRONICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN |  |               |  |

|                                 |  |          |  |
|---------------------------------|--|----------|--|
| <b>DATOS DO/A REPRESENTANTE</b> |  |          |  |
| NOME E APELIDOS                 |  |          |  |
| NIF                             |  | TELÉFONO |  |
| RELACIÓN COA ENTIDADE           |  |          |  |

|                        |  |
|------------------------|--|
| <b>DATOS BANCARIOS</b> |  |
| ENTIDADE BANCARIA      |  |
| Nº DE CONTA            |  |

**DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN**

|                                                                              |  |
|------------------------------------------------------------------------------|--|
| NOME DA ACTIVIDADE / SERVICIO                                                |  |
| DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE. DESTINATARIOS. INTERESE E OBXETIVOS QUE PERSEGUE: |  |
| DATAS DE REALIZACIÓN:                                                        |  |
| ANOS ANTERIORES NOS QUE SE REALIZO (CONTINUIDADE):                           |  |
| Nº DE PARTICIPANTES:                                                         |  |
| PRESUPUESTO ESTIMADO DE GASTOS:                                              |  |
| PREVISIÓN DE OBTEN OUTRAS SUBVENCIÓNS:                                       |  |
| PREVISIÓN DE INGRESOS PROPIOS PARA A ACTIVIDADE:                             |  |

|                          |  |
|--------------------------|--|
| LUGAR E DATA             |  |
| NOME DA PERSOA QUE ASINA |  |
| CARGO NA ENTIDADE        |  |
| SINATURA                 |  |

COPIE ESTA FOLLA TANTAS VECES COMO SEXA NECESARIO

**ANEXO II – DECLARACIÓN DOUTRAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS PARA O MESMO FIN**

|                                            |  |          |  |
|--------------------------------------------|--|----------|--|
| <b>DATOS DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE</b> |  |          |  |
| NOME E APELIDOS                            |  |          |  |
| NIF                                        |  | TELÉFONO |  |

A persoa asinante. DECLARA BAIXO A SUA RESPONSABILIDADE:

Que para os mesmos fins para os que solicita a subvención ante o Concello de Sober ao amparo da convocatoria de subvencións destinadas a Asociacións Culturais, Deportivas e Ampas do Concello de Sober, foron solicitadas as seguintes subvencións:

| ENTIDADE ANTE A QUE SE SOLICITOU | IMPORTE | ESTADO (concedida/denegada/<br>pendente de resolución) |
|----------------------------------|---------|--------------------------------------------------------|
|                                  |         |                                                        |
|                                  |         |                                                        |
|                                  |         |                                                        |
|                                  |         |                                                        |
|                                  |         |                                                        |

|                                     |  |
|-------------------------------------|--|
| LUGAR E DATA                        |  |
| SINATURA (Presidente/a da entidade) |  |

**ANEXO III – DECLARACIÓN E COMPROMISO DO PRESIDENTE/A DA ENTIDADE**

|                                            |  |          |  |
|--------------------------------------------|--|----------|--|
| <b>DATOS DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE</b> |  |          |  |
| NOME E APELIDOS                            |  |          |  |
| NIF                                        |  | TELÉFONO |  |

A persoa asinante (Presidente/a). DECLARA BAIXO A súa RESPONSABILIDADE:

1. Que coñezo e acepto as bases reguladoras da presente convocatoria e que non estou incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para recibir subvención previstas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
2. Que a entidade que represento atópase ao corrente en obrígalas co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social. Así como co Concello de Sober. E que autoriza ao órgano instrutor da subvención para solicitar de oficio as consultas necesarias a estas Administracións.
3. Que a entidade pola miña representada sométese ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Sober poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, correspóndense cos fins para os que se solicita.
4. Que a entidade pola miña representada comprométese a difundir na publicidade das actividades subvencionadas o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Sober, no modo establecido nas Bases da Convocatoria.
5. Que todo o persoal que por conta da entidade, imparte, realiza ou colabora nas actividades que figuran na solicitude de subvención que impliquen contacto habitual con menores, cumpren o requisito previsto no art. 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.
6. Que todos os datos achegados na presente solicitude son certos.

|                                     |  |
|-------------------------------------|--|
| LUGAR E DATA                        |  |
| SINATURA (Presidente/a da entidade) |  |

**ANEXO IV – MODELO XUSTIFICACIÓN (TRALA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN)**

|          |  |
|----------|--|
| ENTIDADE |  |
| CIF      |  |

|                          |  |          |  |
|--------------------------|--|----------|--|
| PRESIDENTE/A DA ENTIDADE |  |          |  |
| NOME E APELIDOS          |  |          |  |
| NIF                      |  | TELÉFONO |  |

**I. MEMORIA DA ACTUACIÓN.**

|                                                         |
|---------------------------------------------------------|
| 1. Enumeración e descrición das actividades realizadas: |
| 2. Temporalización:                                     |
| 3. Participantes:                                       |

**I. DECLARACIÓN DE CUMPLIMENTO:**

Como representante da entidade DECLARO:

1. Que foron cumpridas as finalidades para as que se concederon a subvención polo Concello de Sober destinadas a Asociacións Culturais, Deportivas e Ampas do Concello de Sober ao amparo da convocatoria correspondente ao exercicio 2022, resultando conseguidos os obxectivos propostos.

2. Que as actividades que se detallan a continuación, subvencionadas polo Concello de Sober, foron realizadas na súa totalidade:

|   |  |
|---|--|
| ✓ |  |
| ✓ |  |
| ✓ |  |
| ✓ |  |
| ✓ |  |
| ✓ |  |
| ✓ |  |



---

Sober, 18 de setembro de 2025.- O Alcalde, Luís Fernández Guitián.

R. 2626

---

## O VALADOURO

### *Anuncio*

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE AGOSTO DE 2025.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 2025-0798 o día 19 setembro de 2025, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de agosto de 2025 polo importe total de 6.250,58€.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 19 de setembro de 2025.- O Alcalde - Presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 2627

---